

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

Orde do 28 de setembro de 2007 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, durante o curso académico 2007-2008.

O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira, nos artigos 9.2º b) e 24, fai referencia á prestación de servizos complementarios polos centros, ao sistema de acceso dos alumnos a eles e ás axudas, e, na súa disposición derradeira, faculta a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos para o desenvolvemento e execución do disposto nel.

Na súa virtude, a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos

DISPÓN:

Artigo 1º

Convócanse, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, prazas de residencia para os cursos dos seguintes niveis académicos e tipos de formación nos centros residenciais que se detallan:

a) Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo (IPMP de Vigo).

Para seguir estudos de:

-Ciclos formativos de formación profesional específica.

-Formación permanente de adultos, nas titulacións de capitán de pesca, patrón portuario e patrón costeiro polivalente.

-Programas de garantía social: navegación e pesca costeira.

b) Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol (EONP de Ferrol).

Para seguir estudos de:

-Ciclos formativos de formación profesional específica.

-Formación permanente de adultos nas titulacións de patrón costeiro polivalente, patrón local de pesca e patrón portuario.

-Programas de garantía social: navegación e pesca costeira.

Artigo 2º.-Clases de prazas.

As prazas poderán outorgarse nas seguintes dúas modalidades:

a) En réxime de aloxamento e manutención.

b) En réxime de manutención nos comedores dos centros residenciais docentes.

Artigo 3º.-Prazas en réxime de aloxamento e manutención.

Esta modalidade supón a utilización gratuíta dos servizos residenciais dos devanditos centros.

Para optar á praza en réxime de aloxamento e manutención, requirirase que o solicitante acredite documentalmente cumprir as seguintes condicións:

a) Estar matriculado no centro docente onde estea situada a residencia.

b) Imposibilidade de trasladarse ao seu domicilio diariamente, en razón da distancia e tempo investido, cando polos medios habituais de transporte público sexa superior a 60 minutos en cada un dos traxectos ou por razón de incapacidade física do solicitante, que faga que resulte penoso o transporte diario ao centro docente.

c) Ter presentada a documentación correspondente para as avaliacións ás cales tivese dereito.

d) No caso de alumnos da formación permanente de adultos náutico-pesqueira, ter cumpridos 17 anos, como mínimo, no ano 2007.

e) Reunir os requisitos académicos e profesionais exixidos polo ordenamento xurídico vixente (non ser repetidor).

f) Non se poderá obter praza de aloxamento cando os estudos que se soliciten entrañen a perda dun ano no proceso educativo.

Artigo 4º.-Prazas en réxime de manutención.

A praza en réxime de manutención defínese como a utilización gratuíta dos servizos de comedor dos centros docentes mencionados.

Poderán solicitar praza en réxime de manutención os alumnos/as que acrediten documentalmente ter o seu domicilio habitual a unha distancia superior a 10 km do centro docente, ou ben que, aínda sendo menor, acrediten a súa imposibilidade de chegar coa puntualidade requirida ás clases da tarde.

Artigo 5º.-Incompatibilidades.

As prazas en réxime de aloxamento e manutención son incompatibles coa axuda de residencia fóra do domicilio habitual e coa de transporte, así como con calquera outros beneficios da mesma finalidade que poidan recibirse doutras entidades ou persoas públicas ou privadas.

Artigo 6º.-Adxudicación de prazas.

1. A adxudicación das prazas farase conforme un baremo en que se terán en conta os seguintes conceptos: renda familiar, rendemento académico e outras circunstancias familiares acreditadas que se recollen no punto C) deste artigo.

A puntuación resultante de sumar estes conceptos será a que determine a adxudicación das prazas convocadas.

2. Sen prexuízo dos criterios de baremación xeral recollidos no parágrafo anterior, terán dereito a praza de residencia todos os alumnos/as solicitantes que pasen de curso dentro do mesmo ciclo formativo.

3. No caso de que os solicitantes obtivesen o mesmo coeficiente, terán preferencia os que acrediten documentalmente unha relación persoal ou familiar directa co sector, e dentro destes, terán preferencia os de menor renda familiar.

A) Rendemento académico.

-Nota media de sobresaliente: 4 puntos.

-Nota media de notable: 3 puntos.

-Nota media de ben: 2 puntos.

-Nota media de suficiente: 1 punto.

-Nota media de insuficiente: 0 puntos.

Nas ensinanzas en que existan cualificacións globais por curso, aplicarase o baremo directamente. Cando a cualificación se faga por cada unha das disciplinas cursadas, obterase a nota media de todas e despois aplicarase o baremo.

Nos ciclos formativos, onde as cualificacións se fan do 1 ao 10, séguense as equivalencias que a continuación se sinalan:

9-10: sobresaliente.

7-8: notable.

6: ben.

5: suficiente, apto, validado.

3-4: insuficiente.

B) Renda familiar.

a) Por renda familiar entenderase a suma dos ingresos brutos obtidos no ano 2006 por todos os membros computables da familia, calquera que sexa a súa procedencia.

b) No caso de actividades empresariais, profesionais, artísticas, deportivas e agrarias, computaranse os rendementos netos.

c) A renda familiar dispoñible obterase despois de deducir da renda familiar o importe das retencións e ingresos á conta, os xuros de capitais investidos na adquisición da primeira vivenda, as cotizacións á Seguridade Social, dereitos pasivos e mutualidades obrigatorias.

d) Considéranse membros da unidade familiar: o pai e a nai, os irmáns menores de 23 anos, o solicitante, os irmáns solteiros menores de vinte e seis anos e que convivan no domicilio familiar ou os de maior idade, cando se trate de diminuídos físicos, psíquicos ou sensoriais, así como os ascendentes dos pais que xustifiquen a súa residencia no mesmo domicilio que estes co certificado municipal correspondente.

e) No caso de que o solicitante alegue a súa independencia familiar e económica, calquera que sexa o seu estado civil, deberá acreditar esta circunstancia e o seu domicilio, así como a titularidade ou o aluguer da vivenda e os medios económicos con que conta.

f) Ao cociente da renda familiar dispoñible computada entre o número de membros da unidade familiar, adxudicáraselle a seguinte puntuación:

Ata 3.155,31 €: 10 puntos.

De 3.155,32 € a 3.606,07 €: 8 puntos.

De 3.606,08 € a 4.056,83 €: 7 puntos.

De 4.056,84 € a 4.507,59 €: 6 puntos.

De 4.507,60 € a 4.958,35 €: 5 puntos.

De 4.958,36 € a 5.409,11 €: 4 puntos.

De 5.409,12 € a 5.859,87 €: 3 puntos.

De 5.859,88 € a 6.310,63 €: 2 puntos.

De 6.310,64 € a 6.761,39 €: 1 punto.

Máis de 6.761,39 €: 0 puntos.

De non presentar a fotocopia compulsada da declaración da renda ou certificado de non tela presentada outorgaranse 0 puntos por esta epígrafe.

C) Circunstancias familiares.

a) Aos aspirantes que teñan irmáns cursando estudos de bacharelato, formación profesional específica

ou universitarios fóra da súa residencia habitual, engadiránselle 2 puntos polo primeiro e 1 punto por cada un dos seguintes.

b) Aos aspirantes en condición de orfandade 2 puntos.

c) Aos aspirantes membros de familia numerosa de 1ª clase 1 punto, de 2ª clase e honra 2 puntos.

d) Aos aspirantes que teñan algún membro da unidade familiar en estado de enfermidade permanente ou con discapacidade, 3 puntos.

Todas as epígrafes referentes ás circunstancias familiares deberán xustificarse documentalmente.

Artigo 7º.-Regras de procedemento.

1. Todos os alumnos/as que soliciten praza deberán cubrir o impreso oficial, que figura como anexo I, e presentalo antes do 15 de outubro. Se rematado o mencionado prazo ordinario de solicitudes quedasen prazas vacantes, abrírase un novo prazo que remataría o 30 de outubro.

2. Os alumnos/as que pasen de curso dentro dun mesmo ciclo só terán que realizar a reserva de praza ante a secretaría do centro con anterioridade ao 15 de outubro.

3. Todos os solicitantes, xunto coa solicitude, deberán presentar a seguinte documentación:

-DNI do solicitante e demais membros da unidade familiar maiores de idade.

-Certificado de estudos, se fose o caso.

-Certificado de ter formalizada a matrícula.

-Certificado de empadramento e residencia habitual expedido polo concello e correspondente ao ano da solicitude.

-Fotocopia autenticada completa das declaracións polo imposto sobre a renda das persoas físicas dos compoñentes que integran a unidade familiar e que teñan a obriga de realizala, correspondentes ao ano 2006, ou certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria de non tela presentado.

Cando un alumno/a teña presentado no centro e para o presente curso, algún dos documentos requiridos para a formalización da solicitude, quedará exento de repetilo.

Artigo 8º.-Presentación de solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse nos centros docentes onde os solicitantes vaian seguir os seus estudos durante o curso académico 2007-2008.

2. Así mesmo, as solicitudes poderán presentarse nas delegacións territoriais da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, ou por calquera das formas establecidas na Lei 30/1992, de réxime xurídico da administracións públicas e do procedemento administrativo común (modificada pola Lei 4/1999), dentro do prazo establecido no anterior artigo 7.1º.

Artigo 9º.-Comisión de valoración.

1. Para o estudo das solicitudes presentadas e selección de posibles adxudicatarios, constituirase en cada centro unha comisión coa seguinte composición:

Presidente: o delegado territorial correspondente ou persoa en quen delegue.

Vogais:

-Director.

-Xefe de estudos.

-Un representante da Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

-Dous profesores membros do Consello Escolar.

-Un representante dos pais de alumnos, membro do Consello Escolar.

Secretario: o secretario do centro docente, que actuará con voz e sen voto.

2. Das reunións celebradas polas comisións a que se refire o punto anterior, comezando pola da súa constitución, levantarase acta, que será remitida á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

3. As solicitudes de prazas deberán ser estudadas e comprobadas para seleccionar as que deban ser atendidas.

4. A comisión de valoración, vistas as solicitudes, elaborará unha listaxe provisional de solicitudes admitidas e/ou denegadas e a causa que motivou a súa denegación, dando un prazo de 10 días naturais para que os interesados corrixa os erros ou formulen as reclamacións que consideren oportunas.

5. Transcorrido o dito prazo de 10 días naturais a comisión elaborará unha listaxe definitiva de admitidos e excluídos, que se remitirá á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro.

Artigo 10º.-Resolución.

1. A Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro, á vista das listaxes referidas no artigo anterior, determinará o número total de prazas que poden ser concedidas en función das vacantes dispoñibles e ordenará a confección das listaxes de adxudicatarios.

A dita dirección xeral poderá denegar a praza se se comprobase a falsidade nalgún dos documentos presentados, así como, que a familia do solicitante dispoña dunha renda familiar dispoñible elevada.

A falsidade dos datos ou falsificación de documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/das solicitantes que incorran en tal situación e, en consecuencia, a perda da praza de residencia, ademais das responsabilidades a que houbese lugar, logo da apertura do correspondente expediente.

2. A directora xeral, por proposta da comisión, resolverá, por delegación expresa da conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, a lista definitiva de adxudicatarios que se publicará nas delegacións territoriais correspondentes e no taboleiro de anuncios dos centros docentes respectivos.

3. As resolucións, expresas ou presuntas, que recaian ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos.

Así mesmo, tamén se poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os

órganos desta xurisdición no prazo de dous meses contado desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contado a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto. Todo iso sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente.

4. O prazo máximo para a resolución será de dous meses a partir do prazo de remate de presentación das solicitudes, de non mediar resolución expresa no dito prazo, as solicitudes deberán entenderse desestimadas.

Artigo 11º.-Incorporación dos alumnos/as residenciais.

1. Os residentes poderanse incorporar á praza de residencia unicamente para cursar os estudos que expresaron na súa solicitude.

2. Os residentes incorporados quedarán suxeitos ás normas de réxime interno do centro.

3. O estado de saúde do residente, que se acreditará documentalmentemente no momento da incorporación ao centro, deberá permitir o normal desenvolvemento da vida residencial e docente.

4. Os residentes que non se incorporen aos centros residenciais docentes nas datas que cada centro sinala para o inicio do curso escolar, non poderán desfrutar da praza de residencia, e perderán os seus dereitos agás nos casos de forza maior.

5. A perda da condición de alumno/a do centro onde debía cursar os estudos para os que lle foi concedida a praza, determinará a perda desta e, asemade, da condición de residente do centro residencial docente.

6. Os alumnos/as de 2º curso dos ciclos formativos cesarán no desfrute das prazas de aloxamento e manutención ao remate da súa actividade formativa de aula, ben para incorporarse ao módulo de Formación en centros de traballo (FCT) ou iniciar un programa de recuperación programado dos módulos avaliados negativamente.

7. Igualmente, cesarán no desfrute das prazas en réxime de aloxamento e manutención como consecuencia de sanción disciplinaria ou cando o alumno/a non acuda con regularidade ás clases lectivas e perda o carácter de avaliación continua, logo dun informe previo e por pedimento do director do centro.

8. Os alumnos/as con praza na residencia que se incorporen á FCT, en empresas situadas nun raio de 5 km de distancia ao centro, poderán seguir usando a residencia ata o remate da FCT en dita empresa.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro para ditar, no ámbito das súas competencias, as resolucións necesarias para o mellor cumprimento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2007.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos



XUNTA DE GALICIA
 CONSELLERÍA DE PESCA
 E ASUNTOS MARÍTIMOS
 Dirección Xeral de Innovación e
 Desenvolvemento Pesqueiro

ANEXO I

PROCEDEMENTO CONVOCATORIA PRAZAS DE RESIDENCIA NOS CENTROS DEPENDENTES DA CONSELLERÍA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE606B	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
ENDEREZO	LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		DATA DE NACEMENTO

ESTUDOS PARA OS QUE SOLICITA A PRAZA

DENOMINACIÓN DOS ESTUDOS	CURSO
CENTRO	TIPO DE PRAZA

OUTROS DATOS DE INTERESE

RELACIÓN PERSOAL OU FAMILIAR CO SECTOR	
DISTANCIA DO DOMICILIO AO CENTRO	
CONDICIÓN DE EMIGRANTE	
CONDICIÓN DE FAMILIA NUMEROSA	
Nº DE FILLOS QUE DEPENDEN DO CABEZA DE FAMILIA	
RENDA DA UNIDADE FAMILIAR NO ÚLTIMO EXERCICIO	
Nº DE MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR	
CONDICIÓN DE ORFANDEADE	
CIRCUNSTANCIAS FAMILIARES ESPECIAIS	

CENTRO EDUCATIVO EN QUE ESTÁ MATRICULADO/A

CENTRO	ESTUDOS QUE REALIZA	CURSO
LOCALIDADE	PROVINCIA	TELÉFONO

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 28 de setembro de 2007 pola que se convocan prazas de residencia nos centros residenciais docentes do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro de Vigo e na Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol, dependentes da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, durante o curso académico 2007-2008.

SINATURA DO/A SOLICITANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO	NÚMERO DE EXPEDIENTE

REVISADO E CONFORME	DATA DE ENTRADA
	___/___/___
	DATA DE EFECTOS
	___/___/___
	DATA DE SAÍDA
	___/___/___

Director/a do centro
